

A Cume de París aproba un histórico acordo *legalmente vinculante* para frear o cambio climáticoⁱ

Emisións de gases invernadoiro

Os 196 gobernos comprométense a acadar un teito de emisións gases invernadoiro “o antes posible” e a poñer en marcha un mecanismo de financiamento de **100.000 millóns de dólares** para medidas de mitigación e adaptación ao cambio climático. **O texto deberá ser ratificado por todos os países na próxima primavera**, entrará en vigor ata o 2020 e será revisado cada cinco anos para que os países poñan ao día os seus compromisos e se fixen metas para a redución.

Os compromisos anunciados antes da cume son en calquera caso insuficientes. A máxima responsable do cambio climático da ONU, **Christiana Figueres**, asegurou entón que as metas propostas levaríannos a un aumento das temperaturas de 2,7 grados e pediu aos países un maior esforzo.

Figueres sumouse ao ton autocelebratorio durante o plenario deste sábado, despois de arduas negociacións nas que China e India –pese aos seus compromisos iniciais- volveron poñer sobre o tapete **a necesidade dun tratamento especial para os “países en desenvolvemento”**. O papel de malo da película recaeu sobre Arabia Saudí, que recibiu durante a cume o premio Fósil Colosal (outorgado polos grupos ecoloxistas) pola súa labor obstrucionista durante as negociacións.

Tras o anuncio do acordo demorado durante varias horas, o plenario púxose en pé e **aplaudiu durante mais de dous minutos** a Laurent Fabius, que se sumou ao presidente **François Hollande**, ao secretario xeral da ONU Ban Ki-moon e a Christiana Figueres na foto de familia do momento histórico (co ex vicepresidente norteamericano Al Gore aplaudindo a rabiar na primeira fila)

ⁱ Artigo [El mundo](#), edición dixital 12/12/2015 e traducido por Elena López Vara e Begoña Otero Riobó